

## Cummings, poeta cinético

por Héctor Acebo



E. E. CUMMINGS; *Lovers on the Beach*

Lee (a quen dá vida Barbara Hershey) chora ó ler, recostada na cama, un poema de E. E. Cummings. Dedicoullo —como mostra de amor— o seu cuñado Eric, ó que encarna Michael Caine. A escena pertence á longametraxe *Hannah e as súas irmás* (1986), de Woody Allen.

Lémbrome daquela mañá en que Antonio Martínez Sarrión e eu tratábamos de lembrar, paseando polo Retiro madrileño, a referida composición de Cummings, exenta de título —como moitas outras súas—. Sorprendentemente, o poeta albaceteño e un servidor acabamos recitando ó unísono o verso final, que, mesmo traducido, soa delicioso:

*ninguén, nin sequera a choiva, ten unhas mans tan pequenas.*

Ten a poesía de Cummings un carácter cinematográfico? Desde logo, pero non tanto pola temática como pola maneira en que agroma todo o seu imaxinario; é dicir, os versos do estadounidense parecen encadrados e *montados*, posto que acoutan escenas e imaxes cinéticas a través da ollada:

*O defunto  
Buffalo Bill  
montaba  
un semental prateado  
suave coma a agua  
e partía unhadúastrescatrocinco pombascomosenada*

Efectivamente, como ocorre noutros grandes poetas cincelados polas vangardas, a potencia de Cummings é tal que excede a linguaxe escrita. As interferencias da xerga rueira e de distintos campos artísticos (a comedia do *music hall*, o *ballet*, a pintura dadaísta e o *rock*, ademais do mencionado celuloide), unidas á experimentación verbal, provocan unha enorme tensión na súa dicción. Verbas a modo de imprevistos bicos. E de disparos.

Como xa explicou algún crítico, moitos dos fraseos do creador americano — con palabras entrecortadas e un uso arbitrario, a miúdo desarticulador, dos signos de puntuación— poden resultar ilóxicos se non se len en voz alta. Por suposto, a subversión gramatical é lícita na poesía, pois este xénero de natureza fragmentaria réxese polo código rítmico, non polo lingüístico primario:

*(...) mentres tanto eu  
  
mesmo etcétera estaba tranquilamente tombado  
no profundo barro et  
  
cétera  
(soñando,  
et  
cétera,co  
Teu sorriso  
ollos xeonllos e co teu Etcétera)*



Autorretrato de Cummings

Do inconformismo tipográfico de e.e. cummings non se libra nin o seu propio nome, o cal nos libros aparecía así —en minúsculas e sen espazo entre as iniciais—, aínda que hai quen sostén que a decisión débese ós seus editores, nun intento de reflectir aquel transgresor estilo. En calquera caso, Cummings “era tan libre que a súa curiosidade parecía indecente”, como sentenciou o poeta Antonio M. Figueras, responsable —xunto ó seu colega Miguel Ángel Muñoz Sanjuán— da selección e edición de *Buffalo Bill ha muerto* (Hiperión, 1996), un espléndido florilexio do creador norteamericano traducido ó castelán por José Casas<sup>4</sup>. O atrevemento de Cummings é propio, xaora, do cativo que comeza a compoñer versos. Sempre crin que, *mutatis mutandis*, ó autor de *Non grazas* lle sentaría xenial aquela frase atribuída a Picasso: “Tardei catro anos en pintar coma un mestre e toda unha vida para pintar coma un neno”.

A produción de Cummings oscila entre a crítica social, o amor e a morte. As súas sátiras posúen unha factura técnica impecable e gran intelixencia. Mesmo baixo a forma do soneto, recenden a un inconfundible aroma grecolatino e abordan os principais problemas do seu tempo (a I e a II Guerra Mundial, o totalitarismo soviético, a usura capitalista, a alienación...). Eses trazos satíricos compárteos co mozo Pound —voz cimeira da poesía contemporánea—, aínda que Cummings gusta máis de xogar coas cores da linguaxe, incluíndo aí a rima. Velaquí un dos famosos epigramas do noso protagonista:

*un político é un cu  
no que se sentou todo o mundo agás un home*

Por outra banda, é xusto recoñecelo, algúns dos poemas amatorios de Cummings saben doces en exceso, como aquel que empeza así:

*amor meu  
o teu cabelo é un reino  
cuxo rei é a escuridade  
a túa fronte é unha bandada de flores*

---

<sup>4</sup> Todas as citas de Cummings que aparecen neste artigo son traducións das correspondentes versións de Casas.

Pero moitos dos mellores momentos do autor de *1 x 1* conteñen á vez ironía, cinismo, romanticismo, tenrura infantil e erotismo: unha conxunción deliciosa, apreciable, por exemplo, no devandito texto da “etcétera”.



Encántame o debuxo da portada de *Buffalo Bill morreu*: o público dunha sala cinematográfica contemplando un fermoso rostro feminino en primeiro plano. Velaí un acaído xeito de reflectir a concepción visual da lírica de Cummings, o seu sabor cinético... Ocorrésese outra posible imaxe para representar a súa poesía: unha sensitiva rapariga saíndo —indiferente e magnífica— do río. A auga iluminaría a súa ollada soñadora e apertaría estreitamente as braguiñas, realzando así a tersura das súas nádegas e as curvas das súas cadeiras, que un querería cinguir con loureiro. Esa escena expresaría,

obviamente, a tirante dicción do estadounidense, cante ou non o gozo dunha pel transcendente.

*(...) a miña rapaza é alta  
e maciza, de pernas delgadas semellantes a unha enredadeira  
que pasou toda a vida no muro dun xardín,  
e vai morrer. Cando tristes ímonos á cama  
con esas pernas empeza a empuxar e a enroscarse  
en min, e a bicar a miña face e a miña cabeza.*

É como se Cummings, para non apagar o lume da súa mirada, só se permitise parpadear ó encadear unha escena con outra...